

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA SITA NO COMPLEXO DEPORTIVO DA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA NO PARQUE DA MILAGROSA. EXPEDIENTE 6-2017. APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS.

Sendo as 13:30 horas do día 20 de abril de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Técnica do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, dona Ana Tabarés Martínez, e actuando como vogais:


- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral Municipal.
- Dona Carmen Flores Pardo, Xefa do Servizo de Medio Ambiente, en funcións de Vicesecretaria.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica.
- Don José Luis García Núñez, Auxiliar Administrativo da Sección de Patrimonio.
- Don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, actuando como Secretario.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese a informar que a oferta presentada ten correcta a súa documentación administrativa, polo que procede a apertura do sobre B) correspondente á oferta económica, iniciándose de seguido e sendo o seu resultado o seguinte:


- DONA LUZ DIVINA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, oferta un canon mensual a satisfacer ó Concello de 862,20 €.

Á vista do anterior, os membros da Mesa, á vista do disposto na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares, na que se regulan os criterios de avaliación, propoñen a adxudicación do procedemento de referencia, a dona Luz Divina Fernández González, na cantidade de 862,20 euros mensuais e demais condicións incluídas na súa oferta.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

Asdo.: Ana Tabarés Martínez



O SECRETARIO

Asdo: Xosé Manuel Cao Rei